

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

**POSTOS: TÉCNICOS SUPERIORES PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL (15-TS-PM-EM)
(1D + 1L)**

Perfil: Enxeñaría de Montes ou equivalente (MECES 3)

- 1) **Segundo o artigo 4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ¿cal dos seguintes NON é un principio xeral polo que se rixe a organización dos órganos colexiados?**
 - a) Eficacia e eficiencia.
 - b) Descentralización e desconcentración.
 - c) Claridade, descoordinación normativa, boa fé e confianza nos cidadáns.
 - d) Xerarquía e simplificación.

- 2) **O ámbito subxectivo de aplicación da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas comprende:**
 - a) O sector público institucional.
 - b) As Entidades que integran a Administración Local.
 - c) As Administracións das Comunidades Autónomas
 - d) Todas as anteriores e ademáis a Administración Xeral do Estado.

- 3) **En virtude do establecido polo artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ¿cal dos seguintes NON se considera interesado nun procedemento administrativo?**
 - a) Os que o promovan como titulares de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos.
 - b) Os que sen ter iniciado o procedemento, teñan dereitos que podan resultar afectados pola decisión que no mesmo se adoite.
 - c) Os que posúan intereses lexítimos, individuais ou colectivos, que podan resultar afectados pola resolución, e se personen no procedemento cando xa houbera recaído resolución definitiva.
 - d) Todas as respostas son correctas.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

**POSTOS: TÉCNICOS SUPERIORES PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL (15-TS-PM-EM)
(1D + 1L)**

Perfil: Enxeñaría de Montes ou equivalente (MECES 3)

- 4) **A delegación de competencias ás que se refire o artigo 6 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en relación coa actividade exercida polos órganos da Administración autonómica, ¿en cal dos seguintes supostos pode producirse?**
- a) Na aprobación de regulamentos.
 - b) Nos asuntos que deban ser sometidos a acordo da Xunta de Galicia.
 - c) Na resolución de recursos.
 - d) No caso dunha delegación que se produza nunha mesma consellería, previa aprobación do órgano superior común aos órganos delegante e delegado.
- 5) **Para a creación dun órgano colexiado, ¿cal dos seguintes constitúe un suposto indispensable, segundo o regulado polo artigo 15 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia?**
- a) A dotación de medios axeitados, personais e materiais, para o seu funcionamento.
 - b) A composición do órgano colexiado e os criterios para a designación do titular da presidencia e dos restantes membros.
 - c) A ubicación xerárquica e física do órgano colexiado.
 - d) A finalidade última, que deberá ser xustificada orzamentariamente.
- 6) **¿Cal das seguintes respostas é correcta, en relación coa delegación de sinatura, regulada no artigo 11 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia?**
- a) Poderase producir nas resolucións de carácter sancionador.
 - b) Non alterará a competencia do órgano delegante, e para a súa validez non será necesaria a súa publicación.
 - c) Farase constar na sinatura a autoridade de procedencia, indicada pola expresión: "Por suplencia do titular"
 - d) A delegación de sinatura en órganos dependentes só poderá producirse nos casos de forza maior.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

POSTOS: TÉCNICOS SUPERIORES PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL (15-TS-PM-EM) (1D + 1L)

Perfil: Enxeñaría de Montes ou equivalente (MECES 3)

- 7) **A Axencia Galega da Industria Forestal (XERA) é un organismo público autónomo cunha serie de funcións. ¿Cal das seguintes NON é unha delas?**
- a) Dar impulso á industria forestal, fomentando o desenvolvemento económico e a competitividade das empresas relacionadas co sector forestal en Galicia.
 - b) Coordinar os centros de investigación forestais.
 - c) Apoiar a xestión forestal sostible promovendo prácticas forestais responsables, a conservación da biodiversidade e a prevención de incendios forestais.
 - d) Promover programas de sensibilización medioambiental en materia de caza e pesca.
- 8) **Segundo a resolución do 5 de febreiro de 2013, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, pola que se ordena a publicación da modificación dos estatutos de SEAGA, a denominación Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga), foi constituída como:**
- a) Unha sociedade pública estatal
 - b) Unha fundación pública autonómica
 - c) Unha sociedade mercantil pública autonómica
 - d) Unha sociedade mercantil anónima
- 9) **De acordo ao estipulado no artigo 20 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con carácter xeral os contratos de obras, de concesión de obras e de concesión de servizos estarán suxeitos a regulación harmonizada:**
- a) Aqueles nos que o umbral determinado polo valor estimado sexa igual ou superior a 2.225.000 euros.
 - b) Aqueles nos que o umbral determinado polo valor estimado sexa igual ou superior a 5.225.000 euros.
 - c) Aqueles nos que o umbral determinado polo orzamento base de licitación, sexa igual ou superior a 2.225.000 euros.
 - d) Aqueles nos que o umbral determinado polo orzamento base de licitación, sexa igual ou superior a 5.225.000 euros.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

POSTOS: TÉCNICOS SUPERIORES PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL (15-TS-PM-EM) (1D + 1L)

Perfil: Enxeñaría de Montes ou equivalente (MECES 3)

10) En relación aos encargos que realicen as entidades do sector público a medios propios personificados (artigo 32.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público), non terán a consideración xurídica de contrato, debéndose cumprir que:

- a) O medio propio deberá ter publicado na Plataforma de Contratación correspondente a súa condición de tal; respecto a qué poderes adxudicadores a ostenta e os sectores de actividade nos que, estando comprendidos no seu obxecto social, sería apto para executar as prestacións que vaian ser obxecto de encargo.
- b) O encargo deberá ser obxecto de formalización nun documento que será publicado na Plataforma de Contratación correspondente nos supostos previstos do artigo 63.6 e que establecerá o prazo de duración do encargo.
- c) Os órganos das entidades do sector público estatal que teñan a condición de poder adxudicador necesitarán autorización do Consello de Ministros cando o importe do gasto que se derive do encargo sexa igual ou superior a doce millóns de euros.
- d) Todas as respostas son correctas.

11) Respecto dos contratos de obra regulados nos artigos 231 e seguintes, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, indique cal das seguintes respostas NON é correcta:

- a) O contratista presentará o proxecto de obra ao órgano de contratación para a súa supervisión, aprobación e replanteo.
- b) Cando o orzamento base de licitación do contrato de obras sexa igual ou superior a 500.000 euros, IVE excluído, os órganos de contratación deberán solicitar informe preceptivo das oficinas ou unidades de supervisión de proxectos.
- c) Aprobado o proxecto e previamente á aprobación do expediente de contratación da obra, procederase a efectuar o replanteo previo do mesmo, comprobando a realidade xeométrica da obra e a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución.
- d) A execución do contrato de obras comezará coa sinatura da Acta de comprobación do replanteo en presenza do contratista no prazo non inferior a un mes dende a data de formalización.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

POSTOS: TÉCNICOS SUPERIORES PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL (15-TS-PM-EM) (1D + 1L)

Perfil: Enxeñaría de Montes ou equivalente (MECES 3)

- 12) **O diagrama de Gantt (Herny Laurence Gantt, 1910) é unha ferramenta para a programación de proxectos, que se caracteriza por...**
- a) Representar de xeito visual o plan e cronograma dun proxecto.
 - b) Organizar de xeito anticipado as necesidades de tempos e man de obra do proxecto, coordinando a actuación simultánea de equipos distintos.
 - c) Precisar as datas de inicio e remate de cada unha das tarefas, permitindo a súa optimización.
 - d) Todas as respostas son correctas
- 13) **Cal das seguintes accións é a primeira en executarse no proceso de formalización dos contratos de obras:**
- a) A adxudicación conxunta do proxecto de obra e da obra en sí mesma.
 - b) A sinatura da Acta de Comprobación do Replanteo.
 - c) A supervisión do proxecto nos casos en que resulte preceptiva.
 - d) A aprobación do expediente de contratación da obra por parte do órgano de contratación
- 14) **¿Segundo o artigo 2.2 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, cal destes terreos NON teñen a consideración de monte ou terreo forestal?**
- a) Areas, terreos ermos e rochedos.
 - b) As infraestruturas e construción destinadas a uso do monte.
 - c) Os terreos rústicos de protección ordinaria destinados ao cultivo agrícola.
 - d) Terreos de antigo uso agrícola, con máis de 10 anos de abandono e carácter forestal.
- 15) **¿Cómo define o artigo 8.6 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia o cambio de uso forestal?**
- a) Toda modificación entre usos forestais e agrícolas.
 - b) Calquera utilización de carácter continuado do monte que sexa compatible coa súa condición.
 - c) Toda actuación material ou acto administrativo que fai que o monte perda o seu carácter de tal, deixando de ser monte ou terreo forestal.
 - d) Ningunha das anteriores respostas é correcta.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

**POSTOS: TÉCNICOS SUPERIORES PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL (15-TS-PM-EM)
(1D + 1L)**

Perfil: Enxeñaría de Montes ou equivalente (MECES 3)

- 16) Segundo o artigo 22 da Lei 13/1989 de montes veciñais en man común en Galicia, a comunidade propietaria poderá acordar usos gandeiros ou agrícolas, con aproveitamento individual mediante a distribución entre os comuneiros de lotes ou parcelas cedidos temporalmente por períodos:
- a) Non superiores a 15 anos
 - b) Non superiores a 10 anos
 - c) Non superiores a 11 anos
 - d) Non superiores a 30 anos
- 17) Segundo o artigo 28.1 da Lei 13/1989 de montes veciñais en man común en Galicia, ¿cal dos seguinte motivos NON supón a declaración de monte veciñal en estado de grave abandono ou degradación?
- a) Ter sufrido un grave deterioro ecolóxico
 - b) Non ser explotado de acordo cos seus recursos
 - c) Cando sexan obxecto de arrendamento total.
 - d) Sufrir extracción abusiva dos seus recursos
- 18) Cal das seguintes especies NON está incluída no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e na súa disposición adicional terceira, como especie que non poderá existir a 30 metros perimetrais do solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado e edificacións e vivendas illadas:
- a) Acacia dealbata
 - b) Acacia melanoxylon
 - c) Robinia pseudoacacia
 - d) Pteridium aquilinum
- 19) Segundo o artigo 7 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, é unha das competencias das entidades locais:
- a) Xestionar as redes primarias e terciarias de faixas de xestión de biomasa
 - b) Establecer as zonas de alto risco de incendios
 - c) Xestionar as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa e as faixas laterais das redes viarias da súa titularidade.
 - d) Regular as actividades susceptibles de provocar incendios forestais, así como controlar e autorizar o uso do lume

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

**POSTOS: TÉCNICOS SUPERIORES PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL (15-TS-PM-EM)
(1D + 1L)**

Perfil: Enxeñaría de Montes ou equivalente (MECES 3)

- 20) **¿Segundo o Anexo II.c) da Lei 7/2012, do 28 de xuño, cal é a distancia mínima que deben respectar as novas repoboacións forestais con zonas dedicadas a labradío, cultivo, prados ou pastos non clasificados de especial protección agropecuaria?**
- a) 4 metros cando se empreguen frondosas do anexo 1, e 6 metros no resto das especies.
 - b) 2 metros cando se empreguen frondosas do anexo 1, e 4 metros no resto das especies.
 - c) 6 metros cando se empreguen frondosas do anexo 1, e 10 metros no resto das especies.
 - d) 4 metros cando se empreguen frondosas do anexo 1, e 10 metros no resto das especies.
- 21) **Segundo o artigo 48 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, o inicio do procedemento de deslindamento de montes públicos, poderá ser promovido por:**
- a) De oficio, pola Administración forestal.
 - b) A instancia dos titulares estremeiros ou titulares de dereitos reais sobre as parcelas estremeiras
 - c) Polo Rexistro da Propiedade ou polo Catastro
 - d) As respostas a e b son correctas
- 22) **Segundo o art. 2 da Ley 43/2003, de 21 de novembro, de Montes, esta Ley, respecto dos montes veciñais en man común:**
- a) Non é de aplicación en ningún caso.
 - b) É de aplicación no articulado referente a ordenación forestal.
 - c) Non é de aplicación nos terreos pertencentes ás comunidade veciñais en man común que non teñan a consideración de monte ou terreo forestal.
 - d) A lei é de aplicación sen prexuízo do establecido na súa lexislación especial

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

POSTOS: TÉCNICOS SUPERIORES PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL (15-TS-PM-EM) (1D + 1L)

Perfil: Enxeñaría de Montes ou equivalente (MECES 3)

23) Segundo o art. 12 Ley 43/2003, de 21 de novembro, de Montes, as comunidades autónomas poderán declarar de utilidade pública e incluír no Catálogo de Montes de Utilidade Pública os montes públicos comprendidos nunha serie de supostos. Sinalar cal NON é un destes supostos especificados na Lei.

- a) Os situados nas cabeceiras das concas hidrográficas.
- b) Os que eviten o enterramento de embalses.
- c) Os necesarios para desenvolver os programas de mellora xenética das especies forestais de interese estatal.
- d) Os que contribúan á conservación da diversidade biolóxica a través do mantemento dos sistemas ecolóxicos

24) Segundo o artigo 23 da Lei 5/2019, Lei de patrimonio natural e biodiversidade de Galicia, un espazo natural cuxa declaración ten como finalidade a protección de ecosistemas, comunidades ou elementos biolóxicos que, pola súa rareza, fragilidade, importancia ou singularidade, merecen unha valoración especial, defínese como:

- a) Parque
- b) Zona de especial protección dos valores naturais
- c) Reserva natural
- d) Monumento natural

25) Segundo o art 34 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, no referente á servidume de colocación de sinais, indique cal das opcións é a correcta.

- a) Os terreos comprendidos dentro dun espazo incluído na Rede galega de espazos protexidos estarán suxeitos á servidume forzosa de instalación de sinais indicadores da súa condición e do seu réxime.
- b) En todo caso é necesario o acordo cos titulares dos predios para a colocación de sinais do espazo natural protexido.
- c) Existe a servidume de colocación de sinais, pero a lei establece un sistema de compensacións económicas.
- d) Non existe servidume forzosa de instalación de sinais, aínda que a lei prevé un sistema áxil de expropiación mediante acordo das superficies imprescindibles para a súa colocación.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

**POSTOS: TÉCNICOS SUPERIORES PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL (15-TS-PM-EM)
(1D + 1L)**

Perfil: Enxeñaría de Montes ou equivalente (MECES 3)

26) Segundo o art. 21 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, cal de estes NON é requisito para a declaración pola comunidade autónoma de Galicia dun espazo natural protexido:

- a) Conter sistemas ou elementos naturais representativos, singulares, fráxiles, ameazados ou de especial interese ecolóxico, científico, paisaxístico, xeolóxico ou educativos.
- b) Conter elementos de especial interese para a interpretación e o estudo do medio natural e dos valores culturais asociados.
- c) Contribuír a garantir o bo estado de conservación dos hábitats, das comunidades e das especies presentes en calquera das fases do seu ciclo vital, que se atopen ameazados ou que ao abeiro de convenios internacionais subscritos por España ou de disposicións específicas requiran unha protección especial
- d) Estar dedicados especialmente á protección e ao mantemento da diversidade biolóxica, das concas hidrográficas, da xeodiversidade e dos recursos naturais e culturais asociados ao manexo xenético, así como dos procesos evolutivos, a conectividade e a migración das especies.

27) Segundo a Lei 21/2013, de avaliación ambiental, o proceso a través do cal se analizan os efectos significativos que teñen ou poden ter os plans, programas e proxectos, sobre o medio ambiente, coñécese como:

- a) Declaración de impacto ambiental.
- b) Avaliación ambiental.
- c) Estudio ambiental.
- d) Estudio ambiental estratéxico.

28) Segundo o artigo 36 da Lei 21/2013, de avaliación ambiental, unha vez presentado o proxecto e o estudo de impacto ambiental, o órgano sustantivo someterá estes documentos a información pública nun prazo:

- a) Non inferior a 30 días hábiles
- b) Non inferior a 30 días naturais
- c) Non inferior a 45 días hábiles
- d) Non inferior a 15 días hábiles

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

**POSTOS: TÉCNICOS SUPERIORES PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL (15-TS-PM-EM)
(1D + 1L)**

Perfil: Enxeñaría de Montes ou equivalente (MECES 3)

- 29) **Segundo o artigo 43 da Lei 21/2013, de avaliación ambiental, unha declaración de impacto ambiental dun proxecto ou actividade perderá a súa vixencia, se non se iniciase a execución do proxecto ou actividade:**
- a) No prazo de dous anos dende a súa publicación
 - b) No prazo de tres anos dende a súa publicación
 - c) No prazo de catro anos dende a súa publicación
 - d) No prazo de cinco anos dende a súa publicación
- 30) **Segundo o art. 44 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, en canto a xestión dos montes privados, ¿cal de estes NON son deberes específicos das persoas propietarias?:**
- a) O control fitosanitario na súa propiedade, de acordo coa normativa vixente en materia de sanidade vexetal e coas disposicións desta lei e a normativa que a desenvolva.
 - b) A toma de medidas preventivas e de control respecto de calquera tipo de dano, nomeadamente contra os incendios forestais.
 - c) A conservación da biodiversidade, do réxime hidrolóxico e dos demais valores ambientais, históricos e culturais dos montes.
 - d) A cesión ao dominio público dos taxóns silvestres que foran de interese para o desenvolvemento de programas fitoxenéticos.
- 31) **Segundo o PLADIGA 2023, o número de activacións do Peifoga en Situación 2 no ano 2022 foi de:**
- a) Menos de 5 activacións
 - b) Entre 5 ou 10 activacións
 - c) Máis de 15 activacións
 - d) Non se deron lumes en Situación 2

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

POSTOS: TÉCNICOS SUPERIORES PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL (15-TS-PM-EM) (1D + 1L)

Perfil: Enxeñaría de Montes ou equivalente (MECES 3)

32) No PLADIGA 2023 un dos obxetivos establecido en canto ó tamaño dos lumes é:

- a) Manter o número de lumes con superficie superior ás 25 has por debaixo do 2% do total anual.
- b) Manter a porcentaxe de lumes menores ou iguais a 1 ha por debaixo do 70 % do total anual.
- c) Incrementar a porcentaxe de lumes menores ou iguais a 1 ha ata o 60% do total anual.
- d) Incrementar o número de lumes con superficie superior ás 25 has ata o 5% do total anual.

33) Segundo o organigrama de despregue e solicitude de medios para lumes forestais, a maquinaria pesada será mobilizada por:

- a) Centro de Coordinación Central
- b) Centro de Coordinación Provincial
- c) Centro de Coordinación de Distrito
- d) Ningún dos anteriores.

34) A Unidade de Investigación de Incendios Forestais (UIFO) ten dependencia funcional do/a:

- a) Brigada Investigación Incendios Forestais.
- b) Dirección Xeral de Defensa do Monte
- c) Centro de Coordinación Provincial
- d) Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

35) No protocolo adicional entre a República Portuguesa e o Reino de España, asinado en 21 de Novembro de 2018, permítese a actuación de medios de extinción no país veciño:

- a) A menos de 50 Km da fronteira.
- b) A menos de 25 Km da fronteira
- c) Non é necesaria a comunicación entre as autoridades competentes dos dous países, cando a actuación sexa a menos de 15 Km da fronteira
- d) Cando o lume acade a Situación 2.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

POSTOS: TÉCNICOS SUPERIORES PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL (15-TS-PM-EM) (1D + 1L)

Perfil: Enxeñaría de Montes ou equivalente (MECES 3)

36) Cal dos seguintes equipos NON está considerado EPI (Equipo de Protección Individual), segundo o PLADIGA 2023:

- a) Mono de protección ignífugo
- b) Traxe de protección ignífugo
- c) Máscara antifume
- d) Camiseta ignífuga

37) O cambio de mentalidade que require a prevención de incendios forestais pasa por recoñecer:

- a) Que o risco é permanente polas condicións socioeconómicas e climáticas o que require unha política forestal integrada.
- b) A función do lume na evolución da vexetación forestal, que debe fundamentar a selvicultura preventiva e a regulación do emprego das queimas.
- c) A complexidade dos traballos de extinción no medio forestal, o que obriga a ter procedementos de coordinación para o primeiro ataque, para os grandes incendios e un sistema de formación e homologación do persoal.
- d) Todas as respostas son correctas.

38) As condicións que debe cumprir unha queima controlada son:

- a) Ecolóxicamente beneficiosa ou polo menos aceptable.
- b) Eficaz, económica fronte a outras ferramentas, e socialmente aceptable tanto para a cidadanía, coma para os xestores forestais.
- c) As respostas a) e b) son correctas.
- d) Só a resposta b) é a correcta

39) No comportamento do lume, as principais características do combustible forestal son:

- a) A cantidade, estrutura, inflamabilidade e combustibilidade.
- b) A cantidade, estrutura, humidade e poder calorífico.
- c) A humidade, poder calorífico, inflamabilidade e combustibilidade.
- d) A estrutura, a humidade e a inflamabilidade e combustibilidade.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

POSTOS: TÉCNICOS SUPERIORES PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL (15-TS-PM-EM) (1D + 1L)

Perfil: Enxeñaría de Montes ou equivalente (MECES 3)

40) Segundo a clasificación dos modelos de combustible (BEHAVE) de Pasteiros, Matogueira, Bosque e Restos pesados, podemos dicir que:

- a) O modelo 7, sendo de arborado con sotobosque pertence ao grupo de Matogueira.
- b) Estes modelos poden cubrir toda a variabilidade que se presenta nas áreas forestais.
- c) Utilízanse como primeiro dato de entrada, únicamente para o sistema de simulación BEHAVE.
- d) Estes modelos soamente teñen valor para a simulación de incendios forestais en BEHAVE.

41) Os índices meteorolóxicos de perigo de incendios son numéricos e reflicten:

- a) A posibilidade de que se produza un incendio dacordo coas condicións climatolóxicas.
- b) A posibilidade de que se produza un incendio dacordo coas condicións topográficas.
- c) a posibilidade de que se produza un incendio dacordo ás condicións climatolóxicas e topográficas.
- d) A posibilidade de que se produza un incendio, así como a facilidade de que se propague, dacordo coas condicións da vexetación.

42) Os sistemas de detección de incendios forestais poden ser:

- a) Sistemas de detección por televisión en circuíto pechado.
- b) Sistemas de detección con raios infravermellos.
- c) Sistemas de detección con raios láser
- d) Todas son correctas

43) Os niveis de severidade do lume forestal no chan son principalmente:

- a) Catro niveis: baixa, moderada, alta e moi alta.
- b) Cinco niveis: baixa, moderada, alta, moi alta e extrema.
- c) Seis niveis: moi baixa, baixa, moderada, alta, moi alta e extrema.
- d) Sete niveis: nula, moi baixa, moderada, alta, moi alta e extrema.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

**POSTOS: TÉCNICOS SUPERIORES PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL (15-TS-PM-EM)
(1D + 1L)**

Perfil: Enxeñaría de Montes ou equivalente (MECES 3)

44) Distinguímos os métodos de extinción coas denominacións seguintes:

- a) Primeiro ataque, ataque ampliado e gran incendio.
- b) Método directo, indirecto e contralume
- c) Ataque directo, indirecto e queima de ensanche.
- d) Primeiro ataque, ataque ampliado e liquidación do incendio.

45) O punto de inicio dun incendio localízase a través de vestixios do lume no seu avance. Este proceso de investigación denomínase

- a) Método das evidencias físicas ou MEF
- b) Método de investigación e resultados ou MIR
- c) Método de investigación, análise e resultados ou MIAR
- d) Método de estudo e localización ou MEL

46) Desde un punto de vista tecnolóxico e de comunicacións, a sectorización dun incendio pode abordarse:

- a) Exclusivamente en modo rede (TMO)
- b) En modo rede (TMO) ou en modo directo (DMO)
- c) Exclusivamente en modo directo (DMO)
- d) Non poden sectorizarse as comunicacións

47) Se queremos copiar un arquivo .kmz na aplicación de Oruxmaps, ¿en qué cartafol debemos gardalo?

- a) Mapfiles
- b) Mapstyles
- c) Overlay
- d) Tracklogs

48) ¿Qué extensión teñen os debuxos creados con AutoCAD?

- a) .acad
- b) .atcd
- c) .dwg
- d) .xls

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

**POSTOS: TÉCNICOS SUPERIORES PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL (15-TS-PM-EM)
(1D + 1L)**

Perfil: Enxeñaría de Montes ou equivalente (MECES 3)

49) Os obxectos espaciais en Qgis, represéntanse polas seguintes xeometrías:

- a) Punto, triángulo e liña
- b) Punto, elipse e polígono
- c) Liña, trapecio e punto
- d) Polígono, liña e punto

50) Na aplicación de orzamentos PRESTO, a variable en "DecCantRend" indícanos:

- a) Redondeo de cantidades de conceptos inferiores a capítulos
- b) Redondeo xeral de prezos
- c) Redondeo de prezos de conceptos básicos
- d) Redondeo de cantidades do resto de conceptos

51) Segundo o artigo 38 da Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais, en relación có Comité de Seguridade e Saúde, indique cal das seguintes respostas é a correcta:

- a) Reunirse con periodicidade anual e sempre que o solicite o empresario e/ou algún dos seus representantes legais.
- b) É o órgano paritario e colexiado de participación para a consulta das actuacións da empresa, en materia de prevención de riscos.
- c) Deberá constituirse en todas as empresas ou centros de traballo, que contén con 100 ou máis traballadores.
- d) Estará formado polos Delegados de Prevención e polo empresario ou os seus representantes, e por calquera traballador da empresa que conte con unha especial cualificación ou información na materia.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

**POSTOS: TÉCNICOS SUPERIORES PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL (15-TS-PM-EM)
(1D + 1L)**

Perfil: Enxeñaría de Montes ou equivalente (MECES 3)

52) ¿Cal das seguintes NON é competencia dos Delegados de Prevención?, segundo o previsto no artigo 36 da Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais:

- a) Exercer un labor de vixilancia e control sobre o cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.
- b) Ser consultados polos empresarios acerca das decisións relativas á planificación, organización do traballo e actividades, introducción de novas tecnoloxías e outras cuestións que podan ter incidencia na seguridade e saúde dos traballadores.
- c) Promover e fomentar a cooperación dos traballadores na execución da normativa sobre prevención de riscos laborais.
- d) Sinalar á dirección da empresa cales son as mellores accións preventivas a levar a cabo dentro da planificación de actividades propias da mesma.

53) Se unha empresa conta con 5 Delegados de Prevención, ¿cal é o intervalo de traballadores cos que pode contar a empresa, segundo determina o artigo 35 da Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais?:

- a) De 50 a 100 traballadores.
- b) De 501 a 1.000 traballadores.
- c) De 1.001 a 2.000 traballadores.
- d) Máis de 4.000 traballadores.

54) ¿Qué riscos indica a seguinte simbología, en materia de prevención de riscos laborais?:



- a) Risco/perigo de intoxicación por produtos químicos.
- b) Risco/perigo de materiais radiactivos.
- c) Risco/perigo de produtos biolóxicos.
- d) Risco/perigo de radiación solar.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

POSTOS: TÉCNICOS SUPERIORES PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL (15-TS-PM-EM) (1D + 1L)

Perfil: Enxeñaría de Montes ou equivalente (MECES 3)

55) ¿Cal dos seguintes é un principio da acción preventiva, segundo o descrito no artigo 15 da Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais?

- a) Planificar a prevención asegurando que só os traballadores con formación axeitada á súa capacidade profesional podan exercer determinadas tarefas que comporten riscos graves.
- b) Evitar os riscos, avaliar aqueles que non podan ser evitados e combatir aqueles que sí o sexan dende a súa orixe.
- c) Adoitar sempre medidas preventivas de carácter individual, antes que medidas de carácter colectivo.
- d) Permitir o acceso ás zonas de risco grave só aos traballadores de maior idade e cualificación.

56) Segundo o artigo 20 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, as redes primarias de faixas de xestión de biomasa son:

- a) Estruturas de ámbito municipal.
- b) Faixas de protección de núcleos de poboación
- c) Infraestruturas lineais de prevención e defensa contra os incendios forestais
- d) Faixas perimetrais a solo urbano, de núcleo rural e urbanizable

57) No caso de que as persoas responsables non cumpran coa súa obriga de xestión da biomasa, o artigo 22 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece, que a competencia para efectuar as comunicacións, e tramitar os procedementos de execución subsidiaria nas faixas secundarias corresponde:

- a) Dirección Xeral de Defensa do Monte
- b) Entidades locais
- c) Centro de Coordinación Central
- d) Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal

58) O Índice de Risco Diario de Incendio Forestal (IRDI), determina para cada día, o risco de ocorrencia dun lume forestal. ¿Que indica un IRDI cun rango 2?

- a) Grao de perigo baixo.
- b) Grao de perigo extremo.
- c) Grao de perigo moi alto.
- d) Grao de perigo moderado.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

**POSTOS: TÉCNICOS SUPERIORES PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL (15-TS-PM-EM)
(1D + 1L)**

Perfil: Enxeñaría de Montes ou equivalente (MECES 3)

59) Nos modelos de combustible de Rothermel, o modelo que contempla o pastizal espeso e alto, de máis de 1 m de altura, típico de sabanas e campos de cereal, e con carga de combustible entre 4-6 Tn/ha, trátase do:

- a) Modelo nº1
- b) Modelo nº2
- c) Modelo nº3
- d) Modelo nº4

60) Segundo PLADIGA 2023, no caso de ter coñecemento dunha alarma confirmada, procédese á mobilización, como mínimo, dunha unidade de intervención operativa, formada por:

- a) Técnico de Distrito como Director Técnico de Extinción, unha brigada e un vehículo motobomba.
- b) Axente forestal que asumirá a Dirección Técnica de Extinción, unha brigada e maquinaria pesada
- c) Axente forestal que asumirá a Dirección Técnica de Extinción, unha brigada e un medio aéreo
- d) Axente forestal que asumirá a Dirección Técnica de Extinción, unha brigada e un vehículo motobomba

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

**POSTOS: TÉCNICOS SUPERIORES PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL (15-TS-PM-EM)
(1D + 1L)**

Perfil: Enxeñaría de Montes ou equivalente (MECES 3)

PREGUNTAS DE RESERVA:

1. ¿Qué se entende por avocación?

- a) O traslado da competencia dun asunto, cando a súa resolución corresponda a un órgano administrativamente dependente, cara un órgano xerárquicamente superior.
- b) O acordo motivado que debe ser notificado aos interesados no procedemento.
- c) O recurso que pode interpoñerse contra a resolución do procedemento.
- d) A técnica de delegación nos casos de xestión intrasubxectiva.

2. Nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, en relación ao silencio administrativo, regulado no artigo 24 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, considérase que dito silencio é ESTIMATIVO cando:

- a) Se produza dentro do prazo establecido para dictar resolución expresa.
- b) Se produza unha vez vencido o prazo máximo establecido sen terse producido resolución expresa.
- c) Se produza unha vez vencido o prazo máximo establecido sen terse producido resolución expresa salvo que unha norma con rango de Lei ou de Dereito da UE ou de Dereito internacional establezan o contrario.
- d) Se produza nos procedementos de impugnación de actos e disposicións e nos de revisión de oficio.

3. Segundo a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, son instrumentos de planificación forestal da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) O Plan forestal de Galicia e os plans de ordenación dos recursos forestais.
- b) O inventario Forestal Continuo de Galicia.
- c) O Plan Forestal.
- d) Os plans de Ordenación dos Recursos Forestais, recompilados de maneira quinquenal nun documento único denominado Xestión Galega do Recursos Forestais.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

**POSTOS: TÉCNICOS SUPERIORES PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL (15-TS-PM-EM)
(1D + 1L)**

Perfil: Enxeñaría de Montes ou equivalente (MECES 3)

4. ¿Pola súa natureza, como poden ser os montes públicos? (Artigo 14 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia)

- a) Montes veciñais en man común e montes de dominio público.
- b) Montes veciñais en man común e montes patrimoniais.
- c) Montes obxecto de expropiación forzosa e montes privados.
- d) Montes de dominio público -ou demaniais- e patrimoniais.

5. Segundo o artigo 2 do R.D. 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención, ¿cal dos seguintes é un elemento NON INCLUIDO no Plan de Prevención de Riscos Laborais?:

- a) A identificación da empresa, actividade produtiva, número e características dos centros de traballo e dos traballadores con relevancia na prevención de riscos laborais.
- b) A organización da produción en canto á identificación dos distintos procesos, técnicas e as prácticas e os procedementos organizativos existentes na empresa, en relación coa prevención de riscos laborais.
- c) A organización da prevención na empresa, indicando a modalidade preventiva elixida e os órganos de representación existentes.
- d) A relación de personal que non poderá realizar actividades que supoñan riscos polos axentes e condicións de traballo incluídos na lista non exhaustiva da parte A do Anexo VIII do Real Decreto.

PRUEBA DE CONOCIMIENTOS – IDIOMA CASTELLANO

PUESTOS: TÉCNICOS SUPERIORES PROTECCIÓN DEL MEDIO RURAL

(15-TS-PM-EM) (1D + 1L)

Perfil: Ingeniería de Montes o equivalente (MECES 3)

- 1) **Según el artículo 4 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, ¿cuál de los siguientes NO es un principio general por lo que se rige la organización de los órganos colegiados?**
 - a) Eficacia y eficiencia.
 - b) Descentralización y desconcentración.
 - c) Claridad, descoordinación normativa, buena fé y confianza en los ciudadanos.
 - d) Jerarquía y simplificación

- 2) **El ámbito subjetivo de aplicación de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas comprende:**
 - a) El sector público institucional.
 - b) Las Entidades que integran la Administración Local.
 - c) Las Administraciones de las Comunidades Autónomas
 - d) Todas las anteriores y además la Administración General del Estado.

- 3) **En virtud del establecido por el artículo 4 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, ¿cuál de los siguientes NO se considera interesado en un procedimiento administrativo?**
 - a) Los que lo promuevan como titulares de derechos o intereses legítimos individuales o colectivos.
 - b) Los que sin haber iniciado el procedimiento, tengan derechos que puedan resultar afectados por la decisión, que en el mismo se adopte.
 - c) Los que posean intereses legítimos, individuales o colectivos, que puedan resultar afectados por la resolución, y se personen en el procedimiento cuando ya hubiese recaído resolución definitiva.
 - d) Todas las respuestas son correctas.

PRUEBA DE CONOCIMIENTOS – IDIOMA CASTELLANO

PUESTOS: TÉCNICOS SUPERIORES PROTECCIÓN DEL MEDIO RURAL

(15-TS-PM-EM) (1D + 1L)

Perfil: Ingeniería de Montes o equivalente (MECES 3)

- 4) **La delegación de competencias a las que se refiere el artículo 6 de la Ley 16/2010, de 17 de diciembre, de organización y funcionamiento de la Administración general y del sector público autonómico de Galicia, en relación con la actividad ejercida por los órganos de la Administración autonómica, ¿en cual de los siguientes supuestos puede producirse?**
- a) En la aprobación de reglamentos.
 - b) En los asuntos que deban ser sometidos a acuerdo de la Xunta de Galicia.
 - c) En la resolución de recursos.
 - d) En el caso de una delegación que se produzca en una misma consellería, previa aprobación del órgano superior común a los órganos delegante y delegado
- 5) **Para la creación de un órgano colegiado, ¿cuál de los siguientes constituye un supuesto indispensable, según lo regulado por el artículo 15 de la Ley 16/2010, de 17 de diciembre, de organización y funcionamiento de la Administración general y del sector público autonómico de Galicia?**
- a) La dotación de medios idóneos, personales y materiales, para su funcionamiento.
